

# MUSEANDO

PONTEVEDRA MUSEUM



*DESCUBRINDO A ARTE  
A TRAVÉS DO XOGO*



SABELA  
SANTOS  
FILGUEIRA

MUSEO.DEPO.GAL





## ***CONTIDO***

<i>Introdución</i> .....	4
<i>Obxectivos</i> .....	4
<i>Descrición da actividade</i> .....	4
<i>Persoas destinatarias</i> .....	5
<i>Contidos</i> .....	5
<i>Metodoloxía</i> .....	5
<i>Temporalización</i> .....	6
<i>Horario e calendario</i> .....	6
<i>Avaliación</i> .....	6
<i>Conclusión</i> .....	7
<i>Obras asignadas</i> .....	8
<i>Conceptos e contidos das fichas</i> .....	9
<i>Glosario</i> .....	11

## UNIDADE DIDÁCTICA

### *“Museando con tarxetas: Descubrindo a arte a través do xogo”*

#### INTRODUCCIÓN

O proxecto “**Museando con tarxetas**” propónse como unha experiencia educativa e lúdica no museo orientada a nenas e nenos en grupos de 4 ou 5 participantes.

As obras expostas nos museos esconden múltiples historias que están esperando ser descubertas.

A través dunha observación detallada e baixo a guía do persoal educador do museo, o alumnado aprenderá a descifrar os segredos que gardan estas pezas de arte.

Cunha metodoloxía dinámica baseada en tarxetas e cuestionarios, esta actividade fomenta a interacción e o traballo en equipo, ao tempo que esperta a curiosidade pola arte e a historia.

#### OBXECTIVOS

- **Fomentar o interese pola arte** a través da observación e a participación activa.
- **Desenvolver habilidades de análise** visual e conceptual recoñecendo diferentes estilos, técnicas e significados nas obras de arte.
- **Estimular o traballo en equipo e a cooperación** para a resolución das actividades expostas.
- **Promover o coñecemento de conceptos básicos da arte** (relevos, retablos, baldaquinos, bustos, arte sacra etc.), os diferentes períodos artísticos (gótico, barroco, renacentista, romántico) e a variedade de conceptos que manexamos no discorrer da actividade.
- **Espertar o sentido crítico e a reflexión** sobre os cambios de estamentos sociais ao longo da historia, as funcións da arte, o compromiso social en obras realistas e a análise de elementos simbólicos e estéticos.
- **Fomentar a capacidade de comunicación e exposición** ao compartir respostas e descubrimentos co resto do grupo.

#### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

**Museando** é un xogo educativo no que o alumnado, organizado en grupos de 4 ou 5 persoas, participa activamente no descubrimento das obras do museo.

Tras unha breve introdución por parte das e dos educadores, entregaráselles á rapazada tarxetas con preguntas relacionadas cunha obra exposta. Esta pode ser unha pintura, escultura, busto, retrato ou resto arquitectónico.

- **Distribución en grupos:** as e os participantes divídense en grupos de 4 ou 5 persoas.
- **Entrega de tarxetas:** cada grupo recibe unha tarxeta con preguntas relacionadas cunha obra concreta.

- **Investigación e análise:** os grupos deben observar a obra asignada, resolver as preguntas e regresar ao punto de encontro.
- **Presentación de resultados:** con todas as tarxetas colocadas no chan un grupo presenta as súas respostas mentres o resto debe descubrir de que obra están a falar, baseándose na información proporcionada.
- **Discusión e aprendizaxe colectiva:** foméntase o diálogo e a reflexión colectiva sobre as obras mencionadas.

## *PERSOAS DESTINATARIAS*

- **Nivel educativo:** alumnado de primaria (de 8 a 12 anos).
- **Número de participantes:** entre **15 e 25** por sesión.

## *CONTIDOS*

- **Obras de arte:** anónimas ou de artistas coñecidos.
- **Conceptos básicos:**
  - **Escultura de vulto redondo,** busto.
  - **Arte sacra e profana.**
  - **Personaxes históricos** coma Sarmiento, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán ou Sabela II.
  - **Materiais empregados nas obras:** pedra calcaria, granito, cerámica e outros.
- **Función das obras:** didáctica, educativa, simbólica, estética ou documental.
- **Público destinatario:** identificar a quen ían dirixidas as obras.
- **Xéneros e temas na pintura:** paisaxe, retrato.
- **Retratos e distinción social:** interpretación dos atributos e símbolos sociais que portan as persoas retratadas.
- **Compromiso social na arte:** realismo social e anecdótico.
- **Elementos visuais:** luz, cor, composición.
- **Cronoloxía e estilos artísticos:** gótico, renacentista, romántico, barroco.

## *METODOLOXÍA*

O método empregado será **activo e participativo**; combinarase a observación directa das obras co uso de cuestionarios e tarxetas de gran formato.

A actividade desenvólvese en grupos pequenos para fomentar a cooperación, con momentos de exposición e reflexión grupal para consolidar a aprendizaxe.

## Recursos e materiais

- **Tarxetas** grandes con imaxes das obras e preguntas impresas.
- **Reproducións das obras** do museo en formato pequeno para que poidan velas os grupos.
- **Papel e bolígrafos** para que as e os alumnos anoten as respostas.
- **Espazos do museo** para a observación directa das pezas.

## TEMPORALIZACIÓN

A actividade terá unha duración aproximada de **1 hora e 30 minutos**, estruturada da seguinte maneira:

- Introducción e explicación do xogo: 10 minutos.
- Observación e resolución das preguntas por grupos: 40 minutos.
- Presentación de respostas e discusión grupal: 40 minutos.

As sesións pódense repetir durante todo o curso escolar, segundo a dispoñibilidade dos centros educativos e do museo.

## HORARIO E CALENDARIO

A actividade pode adaptarse aos horarios escolares e ao calendario do museo. As sesións poden realizarse de **luns a venres en horario de mañá**, de 10:00 a 13:00 horas, e, nalgúns casos, os sábados pola mañá para grupos familiares.

## AVALIACIÓN

A avaliación realizarase mediante a observación directa do traballo en grupo, a capacidade do alumnado para interpretar as obras de arte e a súa participación activa na resolución do cuestionario.

Valorarase especialmente a implicación na actividade, a cooperación entre os membros do grupo e a capacidade para formular hipóteses sobre as obras observadas.

Ao final da actividade realizarase unha reflexión conxunta para reforzar as aprendizaxes.

Criterios de avaliación:

- Nivel de implicación na actividade.
- Capacidade de análise e observación.
- Habilidade para traballar en equipo.
- Claridade e corrección na exposición de ideas.

## *CONCLUSIÓN*

“**Museando con tarxetas**” é unha unidade didáctica que transforma o percorrido tradicional polo museo nunha experiencia interactiva e educativa. Ao combinar a observación directa de obras de arte cun xogo en equipo, o alumnado non só aprende sobre arte, senón tamén sobre a importancia da análise e a cooperación. Esta actividade está deseñada para espertar a curiosidade, fomentar o traballo en equipo e facilitar a aprendizaxe de conceptos básicos da arte e da historia a través dunha metodoloxía lúdica e inclusiva.

## *OBRAS ASIGNADAS*

Cada grupo recibirá unha **tarxeta cunha imaxe** e preguntas sobre unha obra do museo, que pode ser unha pintura, unha escultura ou un elemento arquitectónico. As obras asignadas son as seguintes:

1. *San Xoán Bautista* (s. XIV)
2. *Virxe branca*
3. *Frei Martín Sarmiento* (Felipe de Castro)
4. *Concepción Arenal* (Isidoro Brocos)
5. Retablo de Belvís
6. Retablo de Sobrado dos Monxes (José Gambino, José Ferreiro)
7. *Dama con anteface* (Raimundo de Madrazo)
8. *Vítima do traballo* (Jenaro Carrero)
9. *Posición probable do globo antes do diluvio* (Francisco Díaz Carreño)
10. *Paisaxe con río, castelo e escena de pescadores* (Jenaro Pérez Villaamil)
11. *Ruínas de San Domingos* (Alfredo Souto)
12. *Retrato de Sabela II* (José Salgado)
13. Tímpano de Santa María de Vigo
14. Sepulcro de Sueiro
15. Frontal de baldaquino con representación da Epifanía
16. *Estudo para un monumento ao Padre Feijoo* (Isidoro Brocos)
17. *Lázaro á porta do rico avarento* (José Alcoverro)
18. *Retrato de Concepción Arenal* (Eduardo Zamacois y Zabala)
19. *Autorretrato* (Modesto Brocos)
20. *Praza da Pedreira* (Alfredo Souto)
21. *O eunuco* (Mariano Fortuny)
22. *Recollendo algas* (Serafín Avendaño)
23. *A taberna* (atribuído a Antonio Puga)
24. *O xantar* (Silvio Fernández)
25. *Paisaxe de inverno* (Serafín Avendaño)

Estas tarxetas permitiránlles ás e aos alumnos observar detalles clave, responder preguntas e analizar elementos coma o **estilo artístico, o contexto histórico e o material empregado**.



## CONCEPTOS E CONTIDOS DAS FICHAS

### Ficha: escultura. *San Xoán Bautista*

- Relevo ou vulto redondo (escultura exenta).
- Arte sacra ou profana.
- Material: madeira, pedra granítica ou pedra calcaria.
- Policromada ou sen pigmentos.
- Imaxe sedente ou frontal.

### Ficha: escultura. *Virxe branca*

- Relevo ou vulto redondo.
- Arte sacra ou profana.
- Material: madeira, pedra granítica ou pedra calcaria.
- Policromada ou sen pigmentos.
- Número de figuras representadas (conxunto escultórico).

### Ficha: escultura. *Frei Martín Sarmiento (Felipe de Castro)*

- Material: madeira ou escaiola.
- Retrato de corpo enteiro ou busto.
- Retrato de muller ou home.
- Personaxe anónimo ou coñecido.
- Retrato ou autorretrato.

### Ficha: escultura. *Concepción Arenal (Isidoro Brocos)*

- Material: madeira ou barro cocido.
- Retrato de corpo enteiro ou busto.
- Muller ou home.
- Personaxe coñecido ou anónimo.
- Retrato ou autorretrato.

### Ficha: retablo de Belvís

- Pintura ou escultura.
- Material: madeira, lenzo ou pedra.

- Escenas anecdóticas ou que narran unha historia
- Escenas en exteriores ou interiores

**Ficha: retablo de Sobrado dos Monxes (José Gambino, José Ferreiro)**

- Pintura ou escultura.
- Material: madeira, lenzo ou pedra.
- As escenas transcorren en interiores ou tamén hai exteriores?
- Nárrase unha historia ou simplemente son escenas decorativas?
- Fondo plano ou con decoración.

**Ficha: *Dama con anteface* (Raimundo de Madrazo)**

- Retrato individual ou de grupo.
- Retrato de muller, de home ou infantil.
- Retrato con elementos decorativos ou só a persoa retratada.
- Retrato ou autorretrato.
- Técnica: óleo sobre lenzo, óleo sobre táboa, augada sobre papel...

**Ficha: *Vítima do traballo* (Jenaro Carrero)**

- Obra relixiosa ou profana.
- Gran formato ou formato pequeno.
- Escena de interior ou exterior.
- Crítica social ou anecdótica.
- Escena dramática ou alegre.

**Ficha: *Posición probable do globo antes do diluvio* (Francisco Díaz Carreño)**

- Obra relixiosa ou profana.
- Escena de interior ou exterior.
- Escena protagonizada por unha ou por varias figuras.
- Aparece representado algún animal ou non.

**Ficha: Paisaxe con río, castelo e escena de pescadores (Jenaro Pérez Villaamil)**

- Paisaxe urbana ou de montaña.
- Técnica: óleo sobre lenzo, óleo sobre táboa, pastel sobre papel...
- Describe brevemente a escena.
- Hai figuras humanas?
- Hai contrastes entre luces e sombras?
- Paisaxe realista ou imaxinaria.

**Ficha: Retrato de Sabela II (José Salgado)**

- Retrato individual ou de grupo.
- Retrato de muller, home ou infantil.
- É un personaxe importante?
- Esa persoa aparece representada con elementos decorativos?

## GLOSARIO

### 1. Arte sacra

- **Definición:** A arte sacra refírese á produción artística que ten un fin relixioso ou espiritual e que representa temas, figuras ou escenas relacionadas coa fe ou coas crenzas relixiosas.
- **Exemplos:** imaxes de santos, virxes, escenas bíblicas ou elementos litúrxicos.

### 2. Arte profana

- **Definición:** a arte profana, a diferenza da sacra, abarca calquera produción artística que non está relacionada con temas relixiosos. Adoita reflectir aspectos cotiáns, históricos, mitolóxicos ou da vida común.
- **Exemplos:** retratos de persoas, paisaxes ou escenas históricas.

### 3. Similitudes e diferenzas entre arte sacra e profana:

- **Similitudes:** ambas as formas de arte poden empregar as mesmas técnicas (pintura, escultura, relevo e outras) e materiais (madeira, pedra, lenzo... Poden representar tanto figuras humanas coma animais e escenas con narrativas complexas.
- **Diferenzas:** a principal diferenza radica no contido temático; a arte sacra céntrase no relixioso mentres que a arte profana abarca o non relixioso. Ademais, o contexto no que se expón ou se utiliza a arte sacra (igrejas, altares) tamén adoita ser diferente ao da arte profana (pazos, museos, castelos).

#### 4. Escultura

- **Definición:** é unha forma de arte tridimensional que implica a creación de figuras ou formas en vulto redondo ou en relevo, para as que se utilizan materiais coma a pedra, a madeira, a arxila ou o metal.
- **Tipos de escultura:**
  - **Vulto redondo:** é unha escultura tridimensional que pode observarse desde todos os ángulos. Exemplo: a estatua de *San Xoán Bautista*.
  - **Relevo:** é unha técnica escultórica na que as formas sobresaen sobre unha superficie plana. Pode ser de alto ou baixo relevo, dependendo de canto se proxectan as figuras. Exemplo: tímpanos, retablos, baldaquinos ou frisos.

#### 5. Vulto redondo

- **Definición:** refírese ás esculturas que están completamente formadas en tres dimensións e poden observarse desde calquera ángulo. Non están adheridas a ningún fondo ou superficie.
- **Exemplo:** a escultura de Frei Martín Sarmiento é un exemplo de vulto redondo xa que é unha figura que se pode apreciar por completo na súa contorna.

#### 6. Relevo

- **Definición:** o relevo é unha técnica escultórica onde as figuras están adheridas a unha base ou fondo plano pero sobresaen deste creando unha impresión tridimensional.
  - **Alto relevo:** as figuras sobresaen significativamente do fondo, case coma se fosen de vulto redondo, pero aínda adheridas.
  - **Baixo relevo:** as figuras sobresaen de maneira leve do fondo.
- **Exemplo:** os retablos, coma o de Santa María ou o de Sobrado dos Monxes, son exemplos de relevos narrativos que contan historias a través de imaxes.

#### 7. Retablo

- **Definición:** é unha estrutura decorativa que se atopa detrás dun altar e que xeralmente está composta por relevos, pinturas ou esculturas con escenas relixiosas.
- **Características:** os retablos poden contar historias mediante imaxes dispostas en paneis e están tipicamente feitos de materiais como a madeira ou a pedra.
- **Exemplos:** retablo de Santa María e de Sobrado dos Monxes.

#### 8. Retrato

- **Definición:** o retrato é unha representación artística dunha persoa realizada en pintura, escultura ou noutros medios. Os retratos poden ser de corpo enteiro ou bustos.
- **Tipos:**
  - **Retrato individual:** representa unha soa persoa. Exemplo: *Dama con anteface*.
  - **Retrato de grupo:** representa máis dunha persoa.
  - **Retrato de muller, home ou infantil:** clasificación segundo o suxeito representado.

## 9. Autorretrato

- **Definición:** un autorretrato é unha representación artística que unha ou un autor fai de si mesmo. Pode realizarse en calquera formato, coma pintura, escultura ou fotografía.
- **Exemplo:** hai artistas que crean tanto retratos doutras persoas coma autorretratos, pero neste contido non se menciona ningún exemplo específico.

## 10. Pintura

- **Definición:** é unha disciplina artística que utiliza pigmentos líquidos para crear imaxes sobre superficies coma lenzos, táboas ou papel.
- **Técnicas mencionadas:**
  - **Óleo sobre lenzo:** uso de pigmentos nunha base de aceite sobre unha tea preparada. Exemplo: *Retrato de Sabela II*, de José Salgado.
  - **Óleo sobre táboa:** pigmentos ao óleo aplicados sobre unha táboa de madeira.
  - **Augada sobre papel:** técnica que emprega tinta diluída en auga aplicada sobre papel.

## 11. Frontal de baldaquino

- **Definición:** o baldaquino é unha estrutura elevada que cobre un altar ou un lugar sacro. O frontal é a parte decorada que a miúdo contén representacións relixiosas coma a Epifanía ou escenas bíblicas.

## 12. Crítica social

- **Definición:** é unha forma de arte que ten como obxectivo cuestionar ou comentar aspectos sociais, políticos ou económicos dunha sociedade. Adoita reflectir problemas de inxustiza, desigualdade ou explotación.
- **Exemplo:** *Vítima do traballo*, de Jenaro Carrero, é unha obra que realiza unha crítica social sobre as condicións laborais e as súas consecuencias.

## 13. Paisaxe

- **Definición:** representación pictórica de escenas naturais ou urbanas onde o principal protagonista é a contorna, non as figuras humanas.
- **Tipos:**
  - **Paisaxe urbana:** representa cidades ou construcións. Exemplo: *Ruínas de San Domingos*, de Alfredo Souto.
  - **Paisaxe de montaña:** mostra contornas naturais, coma montañas, ríos ou bosques.
  - **Paisaxe con figuras:** ademais da paisaxe, inclúense persoas ou animais interactuando na escena.
  - **Paisaxe imaxinaria:** representa lugares ficticios creados pola imaxinación da ou do artista.

## 14. Luz

- **Definición:** a luz é un elemento fundamental na composición artística, xa que afecta a como se perciben as formas, as cores e as emocións na obra. Pode ser natural ou artificial, intensa ou tenue, e define a atmosfera da obra.
  - **Luz intensa:** iluminación brillante que resalta os detalles.
  - **Luz tenue:** iluminación suave que crea unha atmosfera máis delicada ou misteriosa.

- **Exemplo:** a luz nunha obra barroca tende a ser dramática e a crear contrastes fortes entre zonas iluminadas e escuras.

### 15. Óleo

- **Definición:** técnica de pintura que utiliza pigmentos mesturados con aceites (como aceite de liñaza ou de noz). É coñecida pola súa versatilidade e capacidade para crear capas translúcidas ou detalles minuciosos grazas á súa lenta velocidade de secado.
- **Características:** permite unha gran riqueza cromática e detalles precisos, polo que é ideal para retratos, paisaxes e escenas complexas.
- **Exemplo:** *Retrato de Sabela II*, de José Salgado.

### 16. Témpera

- **Definición:** técnica de pintura na que os pigmentos se mesturan cun aglutinante, (antigamente empregábase a xema de ovo) para crear unha pintura que seca rapidamente e proporciona cores brillantes e duradeiras.
- **Características:** a témpera ten unha textura mate e é coñecido pola súa durabilidade. Foi moi común na pintura medieval e renacentista antes da aparición do óleo.

### 17. Augada

- **Definición:** técnica pictórica que emprega tinta diluída en auga, coa que se logra un efecto similar á acuarela pero cunha maior densidade nas liñas. Adoita utilizarse sobre papel.
- **Características:** permite crear sombras e luces de maneira suave, ideal para escenas cun tratamento delicado da luz.
- **Exemplo:** augada sobre papel mencionada en fichas como *Dama con anteface*, de Madrazo.

### 18. Soporte

- **Definición:** refírese á superficie sobre a que se aplica a pintura ou calquera outra técnica artística. O soporte pode ser de diferentes materiais, coma lenzo, táboa, papel ou pedra.
- **Tipos comúns de soporte:**
  - **Lenzo:** tea xeralmente de liño ou algodón tensada sobre un bastidor. É un dos soportes máis comúns na pintura ao óleo.
  - **Táboa:** superficie de madeira utilizada historicamente como soporte para pinturas, especialmente na Idade Media e o Renacemento.
  - **Papel:** soporte ideal para técnicas coma a acuarela, a augada, o pastel ou o debuxo.

### 19. Técnica

- **Definición:** refírese ao conxunto de métodos ou procedementos que unha ou un artista emprega para realizar unha obra de arte. Inclúe desde a selección dos materiais ata o modo en que se aplican.
- **Exemplos de técnicas:**
  - **Óleo sobre lenzo**
  - **Augada sobre papel**
  - **Témpera sobre táboa**

## 20. Cartela

- **Definición:** elemento informativo, xeralmente de forma rectangular, que se coloca para identificar retablos, cadros, esculturas e demais elementos expostos nos museos; adoitan incluír inscricións, citas ou explicacións sobre a obra.
- **Exemplo:** en todas as obras do museo, é coma o DNI de cada unha das pezas exposta.

## 21. Iconografía

- **Definición:** é o estudo e análise das imaxes ou representacións simbólicas nas artes visuais. A iconografía interpreta os significados dos elementos figurativos nunha obra de arte.
- **Exemplo:** na arte sacra a iconografía analiza os atributos que permiten identificar os santos, coma os símbolos que portan.

## 22. Crítica social

- **Definición:** é unha corrente artística que busca reflectir, analizar ou denunciar as inxustizas sociais, políticas ou económicas a través da obra de arte.
- **Exemplo:** *Vítima do traballo*, de Jenaro Carrero, aborda as condicións laborais e as súas consecuencias.

## 23. Formatos (gran formato, formato pequeno)

- **Definición:** refírese ao tamaño dunha obra de arte. O gran formato utilízase para referirse a obras de gran tamaño mentres que o formato pequeno é para pezas máis reducidas.
- **Exemplo:** *Vítima do traballo* é unha obra de gran formato, mentres que outras pinturas ou esculturas poden ser de formato pequeno, para fins máis íntimos ou privados.

## 24. Materiais

- **Definición:** os materiais empregados nas obras de arte varían dependendo da técnica e o soporte. Os máis comúns inclúen:
  - **Madeira:** comunmente utilizada en esculturas e como soportes para a pintura.
  - **Pedra (granítica ou calcaria):** utilizada principalmente en escultura e arquitectura.
  - **Barro cocido:** utilizado en modelaxe e escultura.
  - **Escaiola:** xeso ou material similar usado para crear moldes ou esculturas.

## 25. Anónimo

- **Definición:** refírese a unha obra de arte cuxa autoría é descoñecida ou non foi identificada. Moitas obras antigas, especialmente na arte sacra ou en pezas anteriores ao Renacemento, son anónimas.

## 26. Arte medieval

- **Definición:** estilo artístico que abrangue desde o século V ata o século XV caracterizado polo enfoque na arte sacra e relixiosa no que as obras, tanto en pintura coma en escultura adoitan ser planas, e simbólicas cunha énfase na espiritualidade máis que no realismo.
- **Exemplo:** os retablos relixiosos e esculturas góticas son representativos da arte medieval.

### 27. Arte renacentista

- **Definición:** movemento artístico que xurdiu en Europa no século xv e que se prolongou ata o século xvi. Caracterízase por un renovado interese na antigüidade clásica, o humanismo e o desenvolvemento do realismo e a perspectiva na pintura e a escultura.
- **Exemplo:** obras de artistas como Leonardo da Vinci ou Miguel Anxo.

### 28. Arte barroca

- **Definición:** o barroco é un estilo artístico que se desenvolveu nos séculos xvii e xviii, caracterizado polo seu dinamismo, o uso dramático da luz e a sombra e unha ornamentación detallada. O barroco salienta a emoción, o movemento e a grandeza.
- **Exemplo:** o retablo de Sobrado dos Monxes podería ser un bo exemplo de escenografía barroca.

### 29. Arte neoclásica

- **Definición:** movemento artístico do século xviii e principios do xix que busca regresar aos ideais da antigüidade clásica en resposta á exuberancia do barroco. Caracterízase pola súa simplicidade, claridade e unha representación idealizada da forma humana.
- **Exemplo:** Felipe de Castro e o seu busto de Frei Martín Sarmiento poden servirnos de exemplo para explicar a volta á orde e á razón propias destes estudosos para combater a superstición e a ignorancia.

### 30. Temáticas pictóricas

- **Definición:** os temas ou asuntos representados nunha pintura. As temáticas poden ser **relixiosas, históricas, mitolóxicas, paisaxísticas, retrato** ou **natureza morta**, entre outras.
- **Exemplo:** *Paisaxe con río, castelo e escena de pescadores* corresponde a unha temática paisaxística.

### 31. Cadro de anécdotas

- **Definición:** pintura ou conxunto de pinturas que narra pequenas escenas ou eventos cotiáns ou históricos de maneira detallada e específica. Este tipo de obras a miúdo relatan historias ou sucesos particulares.

### 32. Tenebrismo bucólico

- **Definición:** técnica pictórica que combina o uso dramático do contraste entre a luz e a escuridade (tenebrismo) con escenas idílicas ou pastorís (bucólicas). É menos común pero pode atoparse en obras que buscan unha atmosfera rústica ou natural nun contexto dramático.
- **Exemplo:** escenas nas que figuras rurais ou paisaxes naturais aparecen no medio de fortes contrastes de luz e sombra.

### 33. Clero

- **Definición:** refírese aos membros da Igrexa, particularmente os que teñen cargos relixiosos coma sacerdotes, bispos e outros. Cando definimos estamentos, adoitamos establecer esta categoría.

### 34. Nobreza

- **Definición:** clase social que tradicionalmente posúe títulos e privilexios hereditarios. Os membros da nobreza adoitan aparecer en retratos e outras obras de arte, a miúdo mostrando o seu *status* a través de vestimentas luxosas e símbolos de poder.
- **Exemplo:** retratos de reis, príncipes e outros nobres coma Sabela II.



### 35. Burguesía

- **Definición:** clase social emerxente na Europa moderna, caracterizada polo seu poder económico no ámbito do comercio e a industria. A diferenza da nobreza, a burguesía alcanzou o seu *status* a través do éxito económico. Os burgueses tamén querían ter o seu protagonismo na arte, e por iso foron representados, pero nun contexto máis comercial e privado que a nobreza.

### 36. Atributo

- **Definición:** elemento ou símbolo que identifica unha figura ou personaxe nunha obra de arte. Os atributos son comunmente utilizados na arte sacra para identificar santos, deuses ou outras figuras mitolóxicas.
- **Exemplo:** san Xoán Bautista adoita representarse cun cordeiro que é o seu atributo iconográfico.



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA